

Acisclo Rogelio Manzano Freire (Ourense, 1940)

Acisclo Rogelio Manzano Freire comezou a súa andaina como escultor tallando porta-retratos en caixas de habanos con coitelas de afeitar.

Formouse na Escola de Formación Profesional Acelerada, onde obtivo o título de tallista, e posteriormente na Escola de Artes e Oficios compostelá. A súa destreza na talla da madeira proporcionoulle os primeiros encargos, como a imaxe de Cristo que realizou para a igrexa de Montealegre (Ourense), á que lle seguiron numerosas figuras de temática relixiosa.


Definido por Otero Pedrayo como “cirurxián da madeira”, ao longo da súa carreira traballou, ademais, con ferro, bronce ou granito, aínda que a súa materia predilecta é o barro, co que modela formas escultóricas a medio camiño entre a figuración e abstracción.

Formou parte do grupo *O Volter*, xunto con Xaime Quessada e Xosé Luis de Dios, e de *Siete artistas gallegos*, con Manolo Buciños, Arturo Baltar, Virxilio e Xabier Pousa. Gran viaxeiro, percorreu os países escandinavos e a Europa mediterránea, ademais de Siria, Líbano, Exipto e México, onde realizou unha exposición no Museo de Arte Moderno da capital mexicana.

Expuxo a súa obra tanto en cidades de Galicia como de Europa e América, obtendo o recoñecemento da crítica e recibindo múltiples galardóns, como o Premio Nacional de Escultura nos anos 1962 e 1968.

A partir de 1969 comezou a pasar longas tempadas en Ibiza, imbuíndose do ambiente mediterráneo, que o levou a esculpir formas orgánicas de gran dinamismo. A mediados dos anos oitenta volveu a Galicia, onde se estableceu na vila ourensá de Viduedo e retomou o contacto con Quessada. Precisamente cun discurso sobre a figura deste artista ingresou na Real Academia Galega de Belas Artes, en 2008.

Os seus traballos forman parte das coleccións de diversas institucións e museos, e as súas esculturas públicas tinguen o urbanismo das cidades galegas de formas sinuosas e elegantes.



[enlace a texto en castellano](#)



Cultura



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



# Miradas

de ACISCLO MANZANO

Homenaxe á  
**VIRXE DOS OLLOS GRANDES**  
de Lugo

do **2 de xullo** ata  
o **30 de agosto** de 2026

no Museo Provincial de Lugo

Hai 72 anos Acisclo Manzano descubriu o gosto polo dominio da forma entreténdose de rapaz co tallado da madeira, así, foi descubrindo un mundo creativo ao que se achegou de xeito autodidacta ata tornar nunha verdadeira necesidade de expresión consolidando ese impulso artístico na escultura.

As súas obras encadradas sobre todo na denominada, a partir de mediados do século pasado, neofiguración expresionista, adoptan diversas materias para similares resultados: madeira, bronce, arxila, ferro, granito... e teñen en común unha gran expresividade, contido dinamismo e sinxeleza de liñas ata case visualizar o concepto. Incluso aínda con mensaxe ou crítica social, aparecen rasgos de serenidade e espiritualidade dentro da xeral transmisión de vida e beleza. Na liña dos seus referentes como Fidias, o Mestre Mateo, Gregorio Hernández, Oteiza, ou Henry Moore, traballa cun maxín que herda referencias da Antigüidade clásica, o Medievo e as vangardas do século XX, misturadas coa tradición e a terra galega. Deste xeito Acisclo declárase “helénico e miñoto”.

Despois de realizar os bosquexos para Mateo no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, quixo interpretar tamén, en Lugo, unha serie similar de esculturas, aquí en homenaxe á patroa da cidade: a Virxe dos Ollos Grandes. Volta así aos seus comezos coa escultura de carácter relixioso mais desde unha óptica experiencial, sempre innovadora, mudando a madeira pola arxila. Unha visión subxectiva, debedora de certa anterior influencia informalista, que incorpora a interpretación do obxecto ou do suxeito representados con senlleira carga emotiva.

Coa presente versión contemporánea da venerada patroa de Lugo, inspiradora desta serie realizada *ad hoc* para o Museo Provincial de Lugo, rememora outras propostas vangardistas executadas nos difíciles anos da Ditadura cando a arte dos ar-



Variancións sobre a Virxe dos Ollos Grandes

tistiñas, como os bautizara Vicente Risco en Ourense, de Estampa Popular Galega ou do grupo Volter onde participaba activamente, tiña un contido reivindicativo e rupturista coa realidade imperante e un compromiso militante. Malia todo, o cambio que todos eles pretendían era incorporar as vangardas na arte galega en xeral, desde unha visión neofigurativa que, a partir dos anos 70, Acisclo intensifica facendo especial fíncapé en rostro e torsos non necesariamente retratísticos, onde tamén se decanta pola materia que utiliza nesta mostra, porque para el “o barro é poesía, é a sensación primeira e pura”, unha simbiose entre figuración e abstracción, como sinala José Gómez Alén.

Na súa produción creativa, amosa esa visión persoal de fitos da historia da arte renovando ética e estética posto que desde o seu universo chega ata o concepto mesmo do tema interpretado en cada intre. A súa escultura da figura humana moitas veces prescinde de cabeza e brazos, coma os torsos gregos e romanos que chegaron ata nós, para acadar a esencia da beleza coa simple forma modelada combinada coa materia libre ou natural, máis ou menos patente que suxerida. Non obstante, a deformidade dos motivos escollidos evita a angustia de artistas como Francis Bacon centrándose no motivo representado aínda que, ás veces, na deconstrución da forma poida descompoñer os planos ata onde comeza a abstracción.

Desde finais da década dos 80 o seu fogar creativo está preto de Ourense, desde onde espalla a súa produción por numerosas exposicións e encargos, nunha febril actividade que desenvolve tamén como académico da RAGBA Nosa Señora do Rosario.

*Hic et nunc* vemos a Acisclo Manzano en plena fervura creativa, materializando ideas, versionando temas, xogando coa materia e a forma. A arxila galega renace nas mans do escultor



Bosquexos



avezado convertindo a materia primixenia en vida e a vida en arte. O volume parcial dos relevos de barro refractario, patinado ou coloreado, evita o inneccesario vulto redondo concentrando unha visión da forma suxerida sen completar totalmente a definición figurativa. Teñen especial interese pola esencia que suxiren as súas obras intensificadas con toques de expresiva cor, mais a materia segue moi presente nos recunchos sen modelar voluntariamente.

Seica Acisclo, como el di, estaba predeterminado para a escultura, porque o seu nome ten raíces etimolóxicas latinas no instrumento utilizado polos canteiros ou escultores: o *acisculus*. Do mesmo xeito, proclama que non é artista senón escultor.

Na súa longa e frutífera carreira representa e define un estilo que o incorporou nas máis brillantes páxinas da historia da escultura galega contemporánea cunha intensa e recoñecida actividade expositiva internacional; porén, segue a sorprender de xeito maxistral cada vez que amosa un novo proxecto porque un verdadeiro creador non se retira nin xubila.

**Aurelia Balseiro García,**  
Museo Provincial de Lugo